

(a escola do *Mezzogiorno* como lugar da "instrucción educativa"), Antonia Criscenti, Brunella Serpe, De Pacce, Nicola Trebisacce, Vittoria Bosna, F. Stizzo, T. Russo e N. de Scisciolo. Por fin, na terceira parte, preséntanse achegas ao papel da arte do rexurdimento e da literatura infantil co trasfondo da Unificación de Italia.

O presente volumen é o número 155 da prestixiosa colección *Scienze dell'educazione* que dirixen Leonardo Trisciuzzi e Simoneta Ulivieri, na que podemos localizar, entre outros, os seguintes textos relacionados directamente coa historia da educación:

. Cambi, F.&Cives, G.: *Il bambino e la lettura. Testi Scolastici e libri per l'infanzia*, 1996.

. Di Bello, G. & Meringolo, P.: *Il rifiuto della maternità. L'infanticidio in Italia dall'Ottocento ai giorni nostri*, 1997.

. Bellatalla, L.: *John Dewey e la cultura italiana nel Novecento*, 1999.

. Cives, G.: *María Montessori. Pedagogista complessa*, 2001.

. Oliviero, S.: *L'editoria scolastica nel progetto egemonico dei neoidealisti*, 2007.

. Santoni Rugiu, A.: *Don Milani. Una lezione di utopia*, 2007.

. Pironi, T.: *Femminismo ed educazione in età giolittiana. Confitti e sfide della modernità*, 2010.

. Santoni Rugiu, A.: *Piccolo dizionario per la storia sociale dell'educazione*, 2010.

. D'Aprile, G.: *Adolphe Ferrière e 'les oubliés' della Scuola attiva in Italia*, 2010.

Quero cerrar esta nota informativa cunha mención ao *Nuovo Bolletino*

*Cirse*, que dedicou o seu nº 2 de 2012 a una considerable revisión de textos *rousseauianos*, ademais de darnos conta igualmente da morte do historiador Mario Alighiero Manacorda, unha excepcional referencia, que se une na súa desaparición á pouco anterior de 2011 de Antonio Santoni Rugiu.

Antón COSTA RICO  
USC

---

**VARELA FERNÁNDEZ, Julia e GORDO LÓPEZ, Ángel Juan. PAPERS, Revista de Sociología 98/4, "Mujeres y cambio social". Universitat Autònoma de Barcelona, 2013.**

---

No século XX prodúcese en Europa o retorno das mulleres ás universidades e aos estudos de onde foran expulsadas polas ordes mendicantes, pero, que ocorre no século XX cos seus saberes e prácticas? Cales son os seus modos de subxectivação? Como se implican nas profesións e na historia social e política? Como perciben o seu propio mundo persoal e a súa propia vida? Que retos presentan ás distintas formas de dominación masculina durante este período? Que novos espazos e dificultades atopan?.

Estes e outros interrogantes son tratados no monográfico coordinado por Julia Varela e Ángel J. Gordo a partir de traballos que, formando parte dun estudo máis amplo dirixido pola propia Julia Varela<sup>1</sup>, obxectivan o peso das institucións sociais

---

<sup>1</sup> Mujeres, cambio social y modos de subjetivación: Análisis sociológico de historias de vida de mujeres en la España contemporánea, Ministerio de Educación y Ciencia, I+D, convocatoria 2004-2007 (Ref. SEJ2006-04140).

nas traxectorias de vida das mulleres, identifican que prácticas alentan e cales restrinxen o seu devir como persoas autónomas, e rescatan o seu protagonismo na vida social e política, isto é, enriquecen a memoria histórica. Velaí os motivos para abrimos a porta ás vidas de mulleres valentes<sup>2</sup> que contribuíron a rachar no século XX ese corsé institucional que se lles impuxera durante séculos: o *dispositivo de feminización* (Varela, 1997).

Servíndose de documentos biográficos, narracións autobiográficas e historias de vida de mulleres de posición social diferente, reclaman as contribución de distintas disciplinas, especialmente de traballos relevantes da socioloxía e da historia. Evidencian así, en que medida estamos condicionadas e coaccionadas por lóxicas sociais e institucionais formadas á marxe das nosas decisións, o que permite adquirir unha maior conciencia das nosas dependencias, ampliar a capacidade para asumir maiores cotas de liberdade, e poder elaborar novos coñecementos que sexan útiles para eliminar as discriminacións por motivo de sexo ou clase social. Resultan evidentes e brillantes as conexións cos traballos de Michel Foucault (1979), Norbert Elías (1994), Robert Castel (1999) e Julia Varela e Fernando Álvarez-Uría.

Articulado en torno a tres seccións diferenciadas: “Primeiros pasos cara á emancipación das mulleres no século XX”, “Arte, literatura e traballo” e “Traxectorias e posicións das fillas da transición”, o conxunto

componse de sete artigos e tres comentarios correspondentes a cada unha das seccións a cargo de reputadas investigadoras e investigadores<sup>3</sup>. Os traballos cingúense a unha orde cronolóxica que abrangue desde finais do século XIX ata o presente, organizadas en tres etapas que reenvían a cada unha das seccións: do 98 á Segunda República, da República ao final da Guerra Civil, o franquismo e da transición democrática ata a actualidade.

Os graos de igualdade e de desigualdade social, sen dúbida, cambiaron ao longo dos períodos analizados, especialmente durante a Segunda República e durante a transición democrática, pero unha das virtudes da metodoloxía utilizada radica en que, ao facer un percorrido de longa duración, e aplicar un método histórico-comparativo, invita a construír unha mirada atenta ás tendencias e aos procesos, así como ás discontinuidades, co que se evita reproducir lóxicas de progreso lineal ou evolutivo. Tamén permite entender como, nunha mesma época e nunha mesma sociedade, os mesmos procesos poden afectar de forma distinta ás mulleres das distintas clases sociais e incluso ás mulleres procedentes da mesma, en función dos seus “capitais” de partida e dos seus procesos de socialización.

Se ben as historias de vida debeñen necesarias para recuperar o protagonismo da acción humana, vólvense aínda máis relevantes polo recoñecemento da esquecida, cando non negada, experiencia das mulleres, polo que as conexións cos estu-

<sup>2</sup> Carmen Baroja y Nessi, Xenobia Camprubí Aymar e María Teresa León Goyri; Dolores Ibárruri, Federica Montseny, Irene Falcón, Victoria Kent, Clara Campoamor, Mercedes Escribano. Carmen Laforet, Carmen Martín Gaité, Maruja Mallo, Amalia Avia. Mónica, Lucía e Blanca; Alba e Elsa; Frida.

<sup>3</sup> Julia Varela Fernández, Fernando Álvarez-Uría, M.ª Dolores Avía; Natalia Izquierdo López, Alejandra Val Cubero, Constanza Tobío; Pilar Parra Contreras, Ángel J. Gordo López, Bárbara Biglia, Marina Subirats i Martori.

---

dos de xénero resultan tamén iluminadoras, na medida en que se vai reflexionando e/ou resaltando aqueles elementos da vida narrada das mulleres que nos permiten exemplificar as prácticas de poder xenerizadas e xenerizantes, así como interrogar sobre as maneiras en que as identidades están (re)producidas, resistidas e configuradas.

A caracterización sociolóxica das traectorias vitais realízase, en todos os textos, tendo en conta as interrelacións que se producen entre o capital económico, o capital cultural e o capital social ou relacional (Bourdieu, 1988, 1997); ou máis comunmente, entre a educación, o traballo e a sociabilidade. Os relatos autobiográficos, os documentos persoais e as historias de vida que reúne este monográfico permiten observar que procesos favorecen e impulsan un maior equilibrio de poder entre varóns e mulleres ao longo da historia contemporánea española: ter acceso a unha educación igual á dos varóns, o carácter voluntario da asociación matrimonial e a posibilidade de divorciarse, iguais oportunidades para realizar un traballo ou exercer unha profesión, vivir nunha época en que se valore máis o coñecemento que a forza, posibilidade de integrarse en asociacións (ou redes sociais) de mulleres con poder e influencia, vivir en sociedades en que exista unha mentalidade e uns costumes favorables ás mulleres. Pero ademais, poñen de relevo que, para que sexa posible un verdadeiro proceso de emancipación, é preciso que todos estes factores actúen ao mesmo tempo, se reforcen conxuntamente (Varela e Gordo, 2013: 607).

Xunto cos cambios que melloraron a vida das mulleres e, polo tanto, de toda a humanidade, asistimos tamén as dificulta-

des e conflitos por habitar espazos fronteirizos, especialmente os de clase e de xénero. A conciencia de xénero, ás veces, queda no plano privado e, cando non se ten, ou incluso produce resistencias, xorden máis dificultades para dotar de sentido moitas das súas experiencias e mesmo recoñecerse na vida doutras mulleres. Son persoas atravesadas por desexos propios, construídos e impostos, frecuentemente contraditorios, que as fan vivir na fronteira e que intentan solucionar as contradicións a que se enfrontan de maneira individual. Mulleres ás veces poderosas, aínda que con frecuencia desempoderadas pola estrutura social de xénero que lles tocou vivir e que acostumaban ter fortemente interiorizada, a pesar delas mesmas e dos seus conatos de saír da norma e da norma de xénero.

Pasear pola rúa sen sombreiro, por espazos reservados aos homes -como os cafés e nos debates que neles tiñan lugar-, deambular soas e sen rumbo, dispoñer dunha habitación propia, liberdade para dirixir a vida, independencia, acceder á formación nas diferentes etapas educativas, pintar nus (no caso das pintoras), beber viño... A radio, as lecturas, as visitas aos museos, ás galerías de arte, contar con recoñecemento profesional... Liberarse da misoxinia, da relixión cristiá, dos códigos lexislativos que clausuran as mulleres nun estatuto de minoría e das presuntas teorías científicas que identificaban os varóns coa razón e as mulleres coas paixóns...

Asistimos a situacións de ruptura, conflitos, dependencia, abuso, dor, pero tamén de intelixencia, tenacidade, forza, resistencia, xenerosidade... Historias de vida que estimulan a reflexión persoal e que lidas no seu conxunto, permiten ver os fíos de cor

rosa que nos conectan co pasado e onde elas primeiro, e nós agora, seguiremos punteando “as liñas e direccións en que haberán de intervir os fíos violeta” (Celia Amorós, 2005: 304).

*Ana IGLESIAS GALDO  
Universidade da Coruña  
Departamento de Pedagogía e Didáctica*